

XENREIRA: O COMPROMISO DO ROCK IRMANDIÑO

MARIO GARCÍA

«**I**rmandiño». Volve a loita da man de *Xenreira*. Os de A Estrada válese das súas guitarras e letras para reivindicar a súa forma de ver a realidade social. Reagge, rock, tradicional, pop, rumba... todo vale para estes recopiladores de música e da mellor tradición galega. Sen esquecer Galicia e a súa xente. Con esta entrevista¹ témo-la posibilidade de parolar con eles sobre *¡Érguete!*, o seu primeiro «trallazo» ata a data.

M.—Os comezos.

X.—Como tódolos grupos de música os comezos foron difíciles. O noso paréceme que foi máis difícil que ningún porque todos empezamos a tocar os instrumentos xusto cando se empezaba a montar o grupo. Podedes imaxinar que os primeiros ensaios de *Xenreira* tiveron que ser un verdadeiro caos: cunha caixa, unha funda de guitarra como batería (cando non eran as paredes), con instrumentos prestados, sen amplificadores. Pero ben, fomos un grupo que tivemos desde sempre as ideas claras, a nivel social sobre todo. Sabiamos o que queriamos defender. E desde o principio soubemos que a nosa loita ía ser defende-lo noso pobo e o noso idioma. E neso estamos.

Desde que empezamos pois houbo cambios na formación: pasaron catro guitarras, pasaron catro saxos, dous e dous. Agora, dous anos despois de crearse o grupo parece que se empeza a consolidar todo.

Houbo quen intentou que *Xenreira* non cantase en galego e que non se metese en política (entendida como política de defensa dunha lingua e dun pobo, non como política de apoio a ningún partido político que, de momento, non nos inclinamos por ningún, polo menos eu persoalmente). Díciannos que eramos un grupo triste, non é triste a palabra, pero que nos faltaba alegría, alegría

de tocar temas de «cachondeo». Prometéronnos «rollos» interesantes a nivel musical, como grandes contratos, grandes actuacións. Algo así como a fama, polo estilo de «*sóde-lo futuro do rock en Galicia*».

Pero a nós pareceunos traizoa-los esquemas e todo o que tiñamos claro desde o principio: loitar polo pobo marxinado a nivel galego e a nivel de todos lados. Nós estamos moi solidarios con toda a xente que sofre neste país e en tódolos países do mundo, desde Latinoamérica, pasando por Irlanda, Francia ou calquera país. Hai marxinação en todos lados e nós sentímonos identificados desde cun labrador, un mariñeiro, sexa aquí, sexa noutro sitio. En principio imos defende-lo noso, despois xa virá facernos amigos do resto.

Estamos intentando demostrar que si se pode facer rock en galego, reagge en galego, que se pode facer rap, que se pode facer salsa, que calquera tipo de música se pode facer en galego, igual que en francés, en inglés, ou en calquera idioma.

Uns comezos duros. Houbo moitos cambios na formación: un dos guitarristas que estaban no principio morreu nun accidente de tráfico e seguímolos recordando moitísimo. Parece, como decimos nós, que temos un mal de ollo botado porque estamos facendo cousas interesantes que, por outro lado, se perden por negligencia da xente.

Chegou o concerto de *Banda Bassotti* e pasamos do típico concerto, festas de aniversario, nos que nós mesmos organizabámo-la festa e o concerto e alugabámo-lo equipo (polo menos para saber cómo soaba o grupo).

Aínda agora estamos ensaiando e os saxos tocan sen micro, o David non canta nos ensaios porque non hai micros para cantar e nós temos que ir imaxinando a letra, e ás veces ata imaxinando que estamos tocando nós mesmos porque tocamos nunha habitación pequena. Somos sete compoñentes nun grupo onde hai dúas guitarras, dous saxos, unha batería, un baixo e un vocalista.

¹ Realizada o 9 de xullo de 1997 en A Estrada por Ana Acuña. A ela acudiron tres dos membros de *Xenreira*: Maki, Vero e Balboa.



Xenreira somos: *Vero*, batería, bodhran e percusión; *Balboa*, baixo; *Sevi*, Saxo barítono; *Marcos*, saxo alto e voz; *Xurxo*, guitarra eléctrica; *Maki*, guitarra eléctrica e acústica; *Senén*, voz.
 Contratación: *Skarnio management*.
 Tel. 909-42 93 03.
 Director de gravación e produción artística: *Kaki Arkarazo*. Gravado en: **FUSIÓN**, Vigo (Galiza).
 Edita e produce: Edicións do Cumio, S. A.

Eu creo que os mellores ensaios de *Xenreira* foron encima dun escenario.

M.-A etiqueta «Irmandiño».

X.-Foi o primeiro que nos veu á cabeza un pouco por escaparlle a outra etiqueta que había aquí creada do «*rock bravú*». Parecíanos «cojonudo» o que se estaba facendo no *rock bravú*, pero a nosa música era unha música que fundía moitísimos estilos, ou sexa, que non tiña unha definición exacta. Non podíamos dicir «facemos rock and roll» ou non podíamos dicir «facemos blues», porque non facemos rock and roll nin facemos blues, nin facemos reage. Facemos todo: o que nos gusta a nós e todo o que sirva para expresarnos. Entón a etiqueta parecunos unha boa idea. «*Rock irmandiño*» para definir un pouco o que era o *rock bravú* dunha maneira un pouco máis adulta, quizá máis sería.

En principio tiñamos pensado tocar cunha pancarta en tódolos concertos que puxese: «*rock irmandiño*» (ía ser un rock de loita, un rock que recordara precisamente os irmandiños e as loitas irmandiñas). Despois metémonos no «*bravú*» para darnos un pouco a coñecer. Pedíronnos unha canción, pareceunos unha boa idea gravar unha canción no recopilatorio de *Unión Bravú*. Queríamos que se soubese que non eramos «*bravús*», que se soubese que se estaba creando o «*rock irmandiño*». Dixéronnos que eso era unha parvada, que ía

sendo hora de crear unha etiqueta única para que houbera máis unión.

M.-A voso mensaxe.

X.-A música é un medio que chega moi fácil á xente e se fas boa música, que gusta, é moi fácil que despois a idea repercuta. A nós tennos pasado con rapaces novos. O típico rapaz de cidade que falaba español de toda a vida, que non se preocupaba, e a raíz de escoitarnos en directo, a raíz de compra-lo disco, metéronse en asociacións xuvenís, empezaron a defende-lo galego cun fervor inmenso, metéronse en grupos tradicionais, en grupos de baile, en grupos de pandereteiras.

Notamos que a xente se empeza a preocupar polos temas que lle pasan ó barrio, ou que lle pasan á súa cidade ou ó seu pobo. Antes preocupábanse moitísimo máis do que pasaba ó mellor en Nicaragua, en Francia, Eu mesmo, cando tiña dezasete, dezaioito anos, ía a manifestacións a Ferrol ou ía a manifestacións a non sei onde. Sempre tiñamos como punto de referencia a Euscadi e creo que eso está empezando a cambiar. Creo que a xente se está dando conta do que pasou en Euscadi cando foi o apoxeo do punk e cando saíron grupos como *Kortatu*, *La Polla Records* ou *Cicatriz* (que houbo aquel rock radical vasco) e parece que agora a xente quere que eso empece a pasar aquí dunha vez, que haxa bo rock galego, que haxa grupos reivindicativos, que haxa

grupos que canten en galego e que fagan blues, rap...


Nós non podemos loitar porque hai racismo en Madrid ou nacis en Córdoba, temos que loitar porque non os haxa aquí. Ese foi o cometido de *Xenreira* desde un primeiro momento e seguiremos loitando por eso.

M.—A presenza do ska.

X.—O ska foi algo que xurdiu desde o principio. Foi unha música que a todos nos gustou, quizá por referencia musical de *Kortatu*, que foi un grupo que marcou bastante a nosa adolescencia de instituto, ós maiores do grupo polo menos, pero os máis novos tamén teñen como referencia *Kortatu*. Gustábanos facer ska, era unha música bastante alegre, que movía moitísimo á xente e, en principio, todo o repertorio de *Xenreira* era ska. Chegou un momento en que nos pareceu que non debiamos abusar tanto dun tipo de música, mesmo nos carteis de presentación dos concertos poñía «grupo de ska». Non é que nos importase ese tipo de catalogación musical, pero pareceunos que había que ir máis alá, *Xenreira* non podía ser un grupo de sete compoñentes que só fíxese ska. Estaba bastante claro.

Gustábanos o ska e empezamos a traballar cunha base puramente ska. Pero o grupo foi avanzando e empezamos a facer algo de salsa, algo de reage, a intentar un rap, empezamos a meter temas máis distorsionados, con máis «caña», case hardcore. Chegou un momento en que o ska se chegou a apartar e, mesmo no disco, hai cancións máis ou menos ska, pero non é exactamente o que era. A canción «*Acción galega*» (o poema de Cabanillas), que antigamente era todo ska de principio a fin da canción, agora é un tema máis «cañeiro».

Mentres nos concertos a xente disfrute e baile seguiremos metendo «mogollón» de ritmos e «mogollón» de estilos. É o que nos pasa agora co repertorio do disco: hai cancións, como «*Mil nove trinta e seis*», que a nivel de disco nos pareceu moi boa, a nivel de directo parécenos unha canción un tanto pesada. A xente pídenola en directo e é bastante raro que toquemos esa canción en directo. Penso que só se tocou no concerto de Santiago e tocouse porque veu Mini (o de *A Quenlla*) á presentación do disco e, evidentemente, había que tocala porque é a canción na que colabora el.



M.—Cancións para vibrar.

X.—Hai moitas cancións nas que a xente vibra. Pasounos, por exemplo, con «*Racismo*» («*Viva a nosa unión*»). Pois esa canción pegou moi forte, as radios machacárona bastante. Non sabemos exactamente se foi pola canción en si ou porque quedou moi bonita coa voz de Uxía. Outra canción que tamén soe poñer á xente moi arriba é unha versión de *Kortatu* de «*Zu atrapatu arte*». É a canción con que cerramos tódolos concertos. É unha canción emblemática para nós, é a única canción de *Kortatu* que tocaba *Negu Gorriak*.

Empezamos tódolos concertos con «*Alalás*», entón a xente xa non ten tempo a pedila. Se xa empezas cunha canción que lle gusta, pois a xente xa se volca totalmente e despois hai festa ata o final. Pero, cando chega «*Racismo*» vemos que a xente se pon moi contenta.

A nós, persoalmente, quizá haxa outras que nos gusten máis. «*A reixa*», por exemplo, foi unha canción que pensamos que ía ter unha boa acollida porque foi unha canción moi «currada». Tivémo-lo problema do tempo, como sempre pasa nestas cousas (o disco gravouse en tres días e mesturouse en dous). «*Ozono*» tamén me gusta moito, pero é unha canción que en directo non está tendo a acollida que nós pensabamos, porque é unha canción que, aínda que

á xente lle gusta, non expresa nada porque é unha canción demasiado rápida e a xente non ten tempo de desfrutala, a xente queda mirando abraiada.

M.—Grupos que vos gustan.

X.—Eu vivín bastante o rock radical vasco: *Cicatríz*, *Kortatu*, *La Polla Records*... Todos eses grupos marcáronme bastante a nivel de xuventude cando tiña dezaseis, dezasete anos. Despois fun avanzando. *Negu Gorriak*. Grupos actuais cos que nos levamos ben, como *Inadaptats* de Cataluña. Gustoume bastante algún traballo de *Antón Reixa*, o de *Os Resentidos*. *Os Enemigos* é un grupo co que me sinto bastante identificado persoalmente, á parte de coñecelos a eles xa de hai sete ou oito anos e de levarnos moi ben. *Os Del Tono* foi un grupo que me gustou moito tamén. Gustoume moitísimo *Radio Futura* nas súas primeiras etapas e gústame bastante o traballo que está levando a cabo *Santiago Userón*, a nivel de recopilación de música latina e de estudio musical máis que de músico (penso que é un intelectual da música).

Despois, o resto dos compoñentes, pois hai de todo. Hai quen coincide cos meus gustos, hai quen vai máis alá, hai a quen lle gusta máis a música estranxeira, hai quen tira máis polo nacional ou por grupos que houbo. Eu considérome bastante seguidor do que foi a «movida madrileña», ó mellor aquí en Galicia con grupos como *Golpes Baixos*, grupos como *Radio Futura* e algún outro. Hai cousas moi boas por aí que non se chegaron a coñecer bastante. Nestes momentos, hai de todo: grupos de ska que tes que escoitar para aprender. E, musicalmente, penso que hai que escoitar de todo: grupos como os *Malarians*, ou grupos como os *Scar Face*, grupos de aquí ou de alá, *Banda Bassotti*, que se desfizeron, e *Negu Gorriak*, que tamén se desfizeron e que sempre esperas novos proxectos.

Somos unha mestura demasiado ecléctica neste sentido, desde os máis novos que veñen con sangue novo, con novos grupos como *Rage against the Machine* ou cousas esí polo estilo. Cando se xuntan sete compoñentes cunha diferenza de idade bastante grande, pois pode haber gustos totalmente diferentes.

M.—A experiencia de gravar con Kaki Arkarazu.

X.—Non coñeciamos a Kaki máis que por referencia musical, evidentemente, de *Negu Gorriak*.

Foi algo que xurdiu no grupo un pouco ó tolo: botándolle valor á vida chamamos por teléfono e puxémonos en contacto con Kaki. Parece ser que xa tiña algo de referencias nosas por xente de *Banda Bassotti*, con quen démo-lo primeiro concerto, e animouse a vir gravar. Foi un pouco caótica a gravación porque gravámo-lo disco en tres días, marchou a grava-lo último disco dos *Negu* para Euscadi, pasou un mes e volveu para mesturar.

Nós nunca entramos nun estudio nun tema tan serio como gravar un disco. Graváramos unha maqueta pero non foi nin parecido, foi unha maqueta puramente ska e quedou un pouco como escoita do grupo. Tiñamos pensado editala para sacar algo de pelás para o grupo pero empezamos a deixarlle a colegas e a maqueta apareceu en Xixón, apareceu en Euscadi, apareceu en Cataluña...

M.—A experiencia dos colaboradores.

X.—Ben, a experiencia dos colaboradores foi tamén impresionante. Tiñamos claro que queriamos meter unha canción con *Mini*. Tiñámolo moi claro e xa se falara no grupo bastantes meses antes de grava-lo disco e moito antes de saber que íamos gravar. Faláramos de que se algún día gravabamos sería moi interesante contar coa colaboración dos antigos músicos que houbo en Galicia (como *Fuxan os Ventos*) que estaban un pouco caendo no esquecemento. Parecéunos unha homenaxe a eles e unha homenaxe a nós mesmos, te-la posibilidade e o orgullo de gravar un tema con eles. E foi un pouco como o de Kaki, chamar. A el algo lle soaba, pero veu gravar sen sabe-la canción.

Con *Chito* e con *Uxia* pasou exactamente o mesmo. Houbo bastante improvisación nos niveis de voces porque *Uxia* non sabía a canción, nin sabía exactamente o que tiña que facer. Empezou con «*vou canta-lo estribillo*» e despois decidimos meter unha estrofa na que cantara *Uxia* soa.

Con *Chito* era para gravar unha canción, ó final foron dúas. Con tódolos músicos que pasaron polo estudio foi todo bastante improvisado, pero sabendo como queriamos que soara. Foi bastante traballoso, sabiamos como quería que soara e ata que soara así houbo que insistir. Os toques de pandeiretas de «*Alalás*» e toques de timbais de «*Érguete*» (da salsa) eran cancións que sabiamos como tiñan que soar, pero os músicos non o tiñan moi claro.

M.—Xenreira ¿un berro de esperanza?

X.—Sempre hai un berro de esperanza, se non houberse un berro de esperanza xa non nos meteriamos neste tipo de proxectos, se desémo-la loita por perdida, pois xa estaría perdida. Cremos que si pode haber esperanza e que pode haber moita unión.

En canto ó labor cívico, cremos que chega un momento en que hai que espabilar un pouco e que a xente ten que sabe-lo que está pasando. Ás veces, na música hai grupos que estamos todos na mesma loita sen saber uns dos outros. Entoncez creo que ten que chega-lo momento en que mediante a música se una o berro de esperanza coa xente porque, ó fin e ó cabo, ó músico tamén é xente. Aínda que esteas enriba dun escenario en determinado momento, non eres diferente de ninguén que está bailando aí e outro día tócache a ti estar bailando e ó outro estar arriba. Ten que procurarse que os grupos teñan máis unión e máis colaboración entre eles. Neste nivel en Galicia teñen que cambiar moitas cousas: ten que haber unha productora, ten que haber unha casa de discos independente que saiba traballar e que saiba o que ten que facer e ten que haber salas, concertos e circuítos onde o grupo se poida expresar.

Se conseguimos eso, entoncez daremos un paso grande. Mentres non se consiga eso estaremos unha vez máis como estivemos ata agora: cada un montando a batalla polo seu lado ata que lle dure. Entoncez hai que crear unhas estruturas, hai que crear unhas bases sólidas para que esto non se afunda ós primeiros ataques (que seguro que os vai haber a nivel político e a nivel social). Se conseguimos unirnos na música primeiro e crear certo tipo de circuítos, despois si se poderá ou xa se poderá traballar coa literatura ou coa pintura ou con todo tipo de artistas que están defendendo todo este tipo de historias. Despois pódese avanzar moitísimo máis, traballar con outras culturas como pode se-la cultura catalana ou a cultura extremeña, ou mesmo no estranxeiro.

M.—A necesidade de recupera-lo pasado.

X.—Como di a canción de *Mil nove trinta e seis* «non podes esquence-lo que pasou». Hai cousas que están un pouco no esquecemento como a

loita das Encrobas, como a guerra civil, como moitísimos outros problemas e hai que intentar recopila-lo que había e reflecti-lo que hai. Para eso, para reflecti-lo que había, é totalmente necesario ter contacto (dentro do posible) con xente de *Voces Ceibes*, de *Fuxan os Ventos* ou con todo este tipo de grupos. Está habendo un traballo moi interesante ultimamente en Galicia a nivel tradicional. Eu penso que o folk en Galicia nunca estivo tan ben como está agora.

A xente non sabe o que pasou nas Encrobas, ou a xente ten bastante perdido o que pasou no trinta e seis, quen foi *Fuxan os Ventos* ou cousas así polo estilo. Ó mellor grupos como *Milladoiro*, que estiveron aí e estarán toda a vida, todo o mundo os coñece, pero non deixa de ser un grupo de música tradicional sen letra.

A xente, ó mellor, non sabe quen foron os *Irmandiños* e, sen embargo, ó mellor si sabe quen foi *Jim Morrison* ou quen foi *Janis Joplin* ou que pasou en Estados Unidos nun terremoto... A xente está moi asediada pola publicidade, todo o mundo sabe o que pasa en series como «*Melrose Place*» ou o «*Príncipe de Bel Air*». E a xente identifícase, a xuventude galega e imaxino que a xuventude de toda España, con series de TV ou con grupos de música que non teñen absolutamente nada que ver con nós, que cantan outros «rollos» absolutamente diferentes e que están moi de moda (grupos que nos poden parecer ben ou mal, hai que respectar desde o primeiro momento a todo grupo musical). Pero, de todas formas, a realidade é a realidade e, evidentemente, nós non podemos sentirnos identificados con ese tipo de series de televisión, porque a nosa realidade é totalmente diferente.

Se hai unha carga policial por unha manifestación de estudantes, eu non podo cantarlle á «autoestrada de California» ou de «Texas», eu non lle podo cantar ó «mar de Levante» porque non o coñezo a nivel de vivilo tódolos días.

M.—A cultura galega.

X.—Temos unha cultura totalmente diferente ó resto.

As meigas, a escuridade galega, os trasnos e todo eso só pasa aquí. Cada cultura ten o seu, evidentemente, pero o pobo galego sempre se sentiu identificado coa relixión e con eses temas escuros da Santa Compañía e cousas así polo estilo. Esas

son realidades que non as ten un mozo do resto do estado español. En Irlanda xa hai máis, por eso nos sentimos identificados con este pobo.

Aquí houbo palamentos, bruxería, caza de bruxas, mortes, enterros, anunciacións da Santa Compañía, curuxas, badaladas da igrexa (que se quedan moito tempo soando é que rapidamente vai ir outro tipo para o outro mundo), historias que pasaron nas aldeas de amores e roubos. Temos riqueza suficiente para cantar mil anos.

Hai que recuperar tamén á xente que traballou por eso, tanto na música como na literatura. *Rosalía, Castelao, Ramón Cabanillas*, son xente que estiveron aí e que escribiron en galego e hai que tomalos como himnos ou como referencia.

Só tes que remove-la terra e aparecen mil historias. É como atopar un castro ou unha mámoa. Seguro que debaixo das murallas de Lugo (inda que sexan romanas) hai algo máis, antes dos romanos estiveron os celtas. En calquera monte de toda Galicia hai unha mámoa, ou hai petroglifos, ou hai outro tipo de connotación celta.

M.—Outras actividades.

X.—Eu persoalmente, antes de ser instrumentista escribía bastante poesía. Hai outra xente á que lle gusta máis as artes plásticas (modelaxe, barro ou pintura). Por exemplo, Vero traballa moi ben, *David é un gran pintor, sobre todo debuxante*, e de vez en cando fai comics para algunha revista, Xurxo está traballando nunha radio libre e ó mesmo tempo estás estudiando.

Outras veces, pois dásenos por organizar algún tipo de concerto, de festival que non teña nada que ver co grupo, ou calquera tipo de charlas. Intentamos empezar a unir á xente, que haxa contactos entre a xente que pinta, que escribe, que fai traballos recopilatorios a nivel máis tradicional...

M.—Unha época histórica para vivir.

X.—A do Medulio, porque foi o pobo o que decidiu.

M.—¿E a loita dos Irmandiños?

X.—Non foi unha protesta do pobo, encabezouse por nobres. Foi unha defensa da terra, de pertenza, pero non da colectividade do pobo. É unha

historia galega e as historias galegas nunca acaban ben. É así.

M.—Unha canción.

X.—Pode ser que algunha de *Fuxan os Ventos*. «*Irmán Daniel*», por exemplo.

M.—Un libro.

V. *Sempre en Galiza*.

B. Quizais as *Historias de Alberte Quiñoi*.

M. *Sempre en Galiza* é un catecismo para todos nós. Calquera poeta interesante de Galicia, ... *Rosalía*. Gústame bastante a literatura latinoamericana, *García Márquez*.

M.—Un soño.

V. Persoal: a independencia da Galicia. Non pido máis.

B. Quizá vivir da música.

M. A nivel persoal, pois gustárame vivir da música, pero quedaría tamén co que dixo Vero, gustárame que houbese moitísimo máis respecto polo galego.

M.—Un berro.

V. Penso que acada-la independencia dun pobo como é Galiza, pois teríamos que estar todos nun piñón. Entón quedaría co de «*Viva a nosa unión*».

B. «*Viva Galiza ceibe*».

M. Pois eu quedaría co título dunha canción «*O pobo é quen máis ordena*».

M.—Unha película.

V. «*En el nombre del hijo*». Expresa a forma de ser dos galegos. Todos se embarcan nun proxecto pero cando se ve que o proxecto empeza a andar, que leva unhas responsabilidades (como na película pode se-la vida) empézanse a mirar outros intereses e empézanse a baixar do barco por medo a que poida saír mal. Hai xente que non cre no que está facendo. Entón sempre quedan os mártires que cren no que fan, que en ningún momento vacilan, que están dispostos a perder algo tan importante como é a vida. Para min teñen moitísimo respecto. Non quero un pobo de mártires, pero penso que son necesarios.

B. Eu estou entre dúas: «*Sempre Xonxa*» ou «*Leolo*». «*Leolo*» porque non é a típica película na que todo sae ben, é coma a realidade dunha familia. «*Sempre Xonxa*» representa unha realidade bastante recente que pasou en Galicia.

M. Eu quedaría con «*Braveheart*». Outra película que tamén me gustou moito é «*El bosque animado*», ó igual que «*Sempre Xonxa*» que reflicte bastante a realidade galega de hai uns anos.